



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Galego_ Decembro 2019

REHABILITACIÓN

O Consorcio destinará máis de 1,8 millóns de euros a intervencións en monumentos e actividades culturais en 2020



Ao longo de 2020 o Consorcio de Santiago actuará en bens e edificios emblemáticos como a capela da Corticela da catedral de Santiago e o Pazo de Raxoi para reparar as súas cubertas. Ao mantemento de lousados dedicaranse 187.095 €, mentres que o programa de mantemento e o de rehabilitación de carpinterías sumarán 300.000 € e o de rehabilitación de locais comerciais 35.000 €.

Para o Programa de Información, Estudo e Interpretación da Cidade Histórica destinaranse 359.764,04 €. E o orzamento do Programa de Dinamización Turístico-Cultural ascende aos 5.733.368,22 €, o que inclúe a xestión do proxecto conxunto da Real Filharmonía de Galicia -máis de 4,5 millóns de euros- e a Escola de Altos Estudos Musicais, xunto á colaboración con diferentes entidades da cidade.

PUBLICACIÓNS

Relatos sobre a historia da cidade de Santiago en “Longas sombras na pedra”

O Consorcio de Santiago e Urco Editora publican *Longas sombras na pedra*, un conxunto de relatos en torno á historia da cidade de Santiago escritos por María Alonso, David Botana, Héctor Cajaraville, Cris Pavón e Mariña Pérez Rei. Os textos, que se moven entre o literario e o fantástico, achegan unha nova visión arredor do nacemento de Compostela como urbe.



A directora Jessica Cottis

MÚSICA

Concerto de Reis, didácticos e familiares para xaneiro

A Real Filharmonía de Galicia ofrecerá seis concertos en xaneiro. O 5 celebrarase o concerto da noite de Reis, dirixido polo mestre Geoffrey Styles. Os días 16 e 17 haberá dous didácticos para escolares con Monicreques Per Poc, que achegarán de xeito ameno o *Romeo e Xulieta* de Prokófiev, baixo a batuta de Maximino Zumalave. Esta actuación repetirase o sábado 18 para o público familiar (18:30 h).

O 23 en Santiago e o 24 en Pontevedra, a directora Jessica Cottis porase á fronte da orquestra. Contarase ademais co guitarrista Enrike Solinís, que interpretará o *Concierto de Aranjuez* de Joaquín Rodrigo.

Recoñecidos solistas impartirán clases na EAEM

A Escola de Altos Estudos Musicais vai ofrecer, entre os meses de febreiro e abril, novas clases maxistras con solistas de recoñecido prestixio: o trompista David Fernández, o trompetista Manuel Dávila, a violinista Raquel Castro, o contrabaixista Damián Arenas, o oboísta Washington Barella e os violoncellistas Ángel Luis Quintana e Suzana Stefanovic. A inscrición realizarase a través da páxina web da Escola. Os alumnos deberán estar cursando como mínimo os últimos cursos de grao medio.



O contrabaixista Damián Arenas